



PLAN DIGITAL

CIFP Coroso

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: CIFP Coroso (Ribeira)
- Enderezo: r/ dos Estudantes, 5. 15 960 - Ribeira (A Coruña)
- Teléfonos: 881 866 865 (Secretaría) 881 866 874 (Conserxería) 881 866 885 (Fax)
- Enderezo de correo electrónico: cifp.coroso@edu.xunta.gal
- Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cifpcoroso/>
- Canal Youtube: https://www.youtube.com/channel/UCbRzmMXRPOR02q0AZi4c0_Q
- Canal Vimeo: <https://vimeo.com/user127636537>
- FaceBook CIFP Coroso: <https://www.facebook.com/cifpcoroso>
- Twitter CIFP Coroso: https://twitter.com/CIFP_Coroso
- Instagram do centro: <https://www.instagram.com/corosocifp/>
- Oferta educativa: Ciclos Formativos de FP das familias de Instalacións e Mantemento, Transporte e Mantemento de Vehículos, Industrias Alimentarias e Electricidade e Electrónica. A oferta é tanto en réxime ordinario como modular e dual, ciclos superiores, medios e de formación básica.
- Nº de alumnos: 415
- Nº de profesores: 54

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Ribeira, cunha poboación duns 27800 habitantes é o noveno municipio por poboación da provincia da Coruña. Posúe numerosos servizos administrativos, como Delegación comarcal de Facenda e tres Xulgados de Primeira Instancia e Instrución. Conta co porto pesqueiro de baixura máis importante de España, e terceiro de Europa, nel, desestíbense principalmente, tñidos para manufactura nas múltiples empresas conserveiras da comarca. O cultivo do mexillón e rodaballo representan tamén un importante pilar económico no concello, onde tamén destacan as actividades marisqueiras extractivas, o turismo e a industria de transformación dos produtos do mar.
- O CIFP Coroso foi un dos primeiros centros integrados de formación profesional de Galicia (no curso 2002-03), ofertando un novo modelo formativo integrado, baseado na colaboración cos axentes socio-económico-laborais e institucionais. Como Centro Integrado de FP, o alumnado do CIFP Coroso é na súa maioría mozos e mozas maiores de idade que buscan a capacitación profesional que lles proporcione unha saída no mercado laboral.

- Agás no caso da FP básica (FPB), búscase a permanencia do alumnado no sistema educativo, para que poidan acadar competencias que lles permitan continuar estudos post-obrigatorios ou que lles faciliten a transición cara á vida laboral. Os alumnos/as de ciclos medios (CM) adoitan buscar unha titulación que lles abra as portas para o emprego na industria, independentemente do posto. En cambio, o alumnado de ciclos superiores (CS), en gran medida, xa tivo contacto co mercado laboral e busca formación para poder promover a nivel interno ou poder optar a postos máis específicos, con maior responsabilidade. Outra parte do alumnado busca unha maior formación, con posible acceso ao sistema de educación universitario.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A necesidade de realizar o plan dixital do centro está xustificada na normativa a seguir:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do plan dixital seguimos as indicacións da equipa de mentores asignada ao centro, polo que:

- Constituímos unha equipa de elaboración do plan dixital, formada por tres profesores do centro, sendo un deles membro do equipo directivo.
- Propuxemos á comunidade educativa (profesorado, alumnado e equipa directiva) unha enquisa SELFIE para ter unha idea da situación de partida e das necesidades dos integrantes do centro.
- Propuxemos ao profesorado un test CDD (Competencia Dixital Docente), a fin de facilitar elementos de reflexión sobre as nosas capacidades como docentes en relación coas novas tecnoloxías.

- A partir dos resultados da enquisa SELFIE e consultando parte dos resultados do test CDD (anonimizado), realizamos unha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) na que identificamos os aspectos a mellorar e establecer unha serie de obxectivos a realizar durante o curso a seguir.
- A partir desta información e coa proposta de obxectivos, elaboramos o presente documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro está conectado á rede de comunicacións da Consellería de Educación, de maneira que dispón de conectividade mediante rede con fíos. Ademais dispón dunha infraestrutura de routers e APs que proporcionan cobertura sen fíos en todos os espazos do centro. Ademais diso, o centro dispón dunha rede propia para uso do alumnado, con cobertura na Biblioteca e en dúas aulas de convivencia, ademais de espazos próximos ás mesmas.

O centro dispón de 235 equipos informáticos repartidos en:

- Aula 106 (alumnos): 19 equipos
- Aula 107 (alumnos): 21 equipos
- Aula 114 (formación profesorado): 21 equipos
- Aula C205 (cíber alumnado): 21 equipos
- Sá de profesores: 13 equipos
- Biblioteca: 6 equipos
- Aula B105 (alumnos): 11 equipos
- Aula B109 (cíber alumnos): 21 equipos
- Aula B112 (alumnos): 9 equipos
- Administración: 2 equipos
- Equipo directivo: 4 equipos
- Coordinacións: 7 equipos
- Ademais destes equipos, dispónse doutros recursos tecnolóxicos para a docencia:
- Proxectores en todas as aulas e algúns talleres, total: 34
- SmartBoards: 7 unidades (incluída a aula tecnolóxica de Ind. Alimentarias, o banco de probas de automoción e a sala de xuntas e máis a sala de xuntas do viveiro de empresas).
- Impresoras: 15 unidades
- En relación cos servizos corporativos, o centro dispón de páxina web, aulas virtuais, EspazoAbalar e AbalarMóbil.
- A xestión do mantemento do equipamento do centro está contratada a unha empresa externa que mantén os equipos en funcionamento e actualizados.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				2.7	
	Profesorado				2.9	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				2.8	
	Profesorado				2.9	
	Alumnado				2.9	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				3.0	
	Profesorado				3.4	
	Alumnado				3.4	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				3.7	
	Profesorado				3.3	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				3.8	
	Profesorado				3.9	
	Alumnado				4.0	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.				2.8	
	Profesorado				3.4	
	Alumnado				3.3	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				2.9	
	Profesorado				3.2	
	Alumnado				3.0	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				2.8	
	Profesorado				3.2	
	Alumnado				3.1	

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	28	42.9
PROVISIONAL	3	8	37.5
INTERINO	9	18	50
SUBSTITUTO	2	5	40
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P	75.3	Integrador/a (B1)	80.3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3.8
A2	12	46.2
B1	7	26.9
B2	5	19.2
C1	1	3.8
C2		
TOTAL	26	99.9

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1. Infraestrutura C2. Dispositivos dixitais para o ensino C3. Acceso a internet C5. Asistencia técnica C8. Dispositivos dixitais <i>para a aprendizaxe</i>	C7. Protección de datos
	PERSOAL DOCENTE	D1. Necesidades de DPC D2. Participación no DPC D3. Intercambio de experiencias D4. Oportunidades de DPC E1. Recursos educativos en liña E2. Creación de recursos dixitais E3. Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe E4. Comunicación coa comunidade educativa F1. Adaptación ás necesidades do alumnado F3. Fomento da creatividade F4. Inclusión do alumnado F5. Colaboración do alumnado F6. Proxectos interdisciplinares G1. Avaliación das capacidades G3. Retroalimentación axeitada G5. Autorreflexión sobre a aprendizaxe	B2. Debate sobre o uso da tecnoloxía
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	C17. Base de datos de operadores de formación Competencias dixitais do alumnado: H1, H3, H4, H6, H7, H8	C17. Bases de datos de provedores de formación
	FAMILIAS		
	OFERTA	A2. Desenvolvemento da estreteira do profesorado A3. Novas modalidades de ensino	A1. Estratexia dixital A6. Participación das empresas na estratexia
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	B1. Avaliación do progreso	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		
	LEXISLACIÓN	C7. Protección de datos	
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	B3. Colaboracións	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO identificamos as debilidades e establecemos unha orde de prioridade para establecer os obxectivos do plan dixital. Estes obxectivos foron: (1) Formar á comunidade educativa no uso de equipamento atendendo á protección de datos, (2) Promover o debate e formar ao profesorado na importancia do uso das TICs, (3) Mellorar e actualizar a oferta bibliográfica do CIFP Coroso en relación coas TICs. Estes obxectivos son específicos, medibles e alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, conforme ás táboas que se facilitan no apartado a seguir.

Ademais disto, nas táboas repórtanse os indicadores de logro, especificando os valores de partida e os valores aos que se pretende chegar ao finalizar a implantación do plan dixital. Cada obxectivo ten unha serie de accións a efectuar, así como os responsables destas accións e unha temporalización das mesmas.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto a necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas, o centro está suficientemente dotado e hai unha preocupación por parte da equipa directiva de manter os mesmos en funcionamento e actualizados, procurando tamén novos equipamentos para axudar na labor docente do profesorado. Bo exemplo disto último son SmartBoard que se instalaron durante este ano.

Sen embargo existe unha necesidade de equipos portátiles para o profesorado que asume labores de coordinación, que neste momento se está tentando cubrir. Polo de agora só hai dispoñibles portátiles para algunhas das coordinacións. Espérase poder satisfacer esta necesidade ao longo do próximo curso.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área de mellora: Infraestrutura (C7 Protección de datos)						
OBXECTIVO 1:	Formar á comunidade educativa no uso de equipamento atendendo á protección de datos				Acadado	
Responsable:	Coordinador área de orientación				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Número de accións formativas (cursos e charlas) ofertadas á comunidade educativa					
Valor de partida:	0 cursos ou charlas ofertadas					
Valor previsto e data:	2 cursos ou charlas ofertadas a profesorado e alumnado			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Oferta de polo menos un curso para a formación do profesorado en seguridade informática e protección de datos	Coordinador área de orientación	3º Trimestre	Formadores especializados en seguridade informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Oferta de polo menos un curso ou unha charla para a concienciación do alumnado en seguridade informática e protección de datos	Coordinador área de formación	3º Trimestre	Dinamizadores sociais con coñecementos de seguridade informática en relación coa adolescencia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Áreas de mellora: colaboración e traballo na rede (B2 Debate sobre o uso da tecnoloxía),						
OBXECTIVO 2:	Promover o debate e formar ao profesorado na importancia do uso das TIC				Acadado	
Responsable:	Coordinador área de formación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de accións formativas ofertadas ao profesorado					
Valor de partida:	0 cursos ofertados ao profesorado					
Valor previsto e data:	2 cursos ofertados ao profesorado			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Oferta dun curso de formación en avaliación empregando Moodle ou outras ferramentas dixitais	Coordinador área de formación	3º Trimestre	Casos prácticos e exemplos de experiencias en outros centros		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Oferta dun curso de formación en desenvolvemento de contidos dixitais	Coordinador área de formación	3º Trimestre	Casos prácticos e exemplos de experiencias en outros centros		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Divulgación da elaboración de contidos dixitais empregando H5P	Coordinador área TIC	3º Trimestre	Recursos elaborados no CIFP Coroso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Infraestrutura (C17 Base de datos de provedores de formación)						
OBXECTIVO 3:	Mellorar e actualizar a oferta bibliográfica do CIFP Coroso en relación coas TIC				Acadado	
Responsable:	Coordinador Biblioteca				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO: (Número de volumes dispoñibles na biblioteca do centro					
Valor de partida:	0 volumes relativos ás TIC					
Valor previsto e data:	10 volumes relativos ás TIC			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Elaboración dunha enquisa para solicitar necesidades formativas da comunidade educativa, que se podan solventar mellorando a bibliografía dispoñible.	Grupo de dinamización da biblioteca do centro	3º Trimestre	Enquisas online		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Elaboración dunha listaxe bibliográfica para comprar nos dous cursos a seguir.	Coordinador biblioteca	3º Trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

A avaliación do plan dixital farase ao remate do 3º trimestre do curso 2022-23. Prestaranse atención aos logros e ás propostas de mellora dos participantes. Por outra parte, cada trimestre será revisada a consecución dos obxectivos e farase unha estimación da medida en que se teñan realizado os mesmos de maneira parcial. Prestarase atención ás propostas de mellora suxeridas polos participantes.

5. Difusión do plan

Durante o curso 2022-23, informarase á comunidade educativa da existencia e posta en funcionamento do plan dixital, a través da páxina web do centro e das redes sociais. Ademais disto, informarase aos participantes de cada unha das accións que se leven a cabo dentro do marco do plan dixital, tanto durante a fase de difusión das mesmas, como nos momentos en que se estean a realizar.